



# CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
**WWW.ORDES.GAL**

exp. 2024/G003/000239

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** TRAMITE DE CONSULTA PÚBLICA APROBACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000239

### ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

No Plan Normativo do concello de Ordes para o ano 2024, no que se conteñen as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación, figura incluído como regulamentos/ordenanzas de nova aprobación a ordenanza municipal da administración electrónica.

Segundo o art. 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPAC), con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), para a redacción, tramitación e aprobación da **ordenanza municipal da administración electrónica**, a través de <https://concello.ordes.gal/p/consultas-publicas> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I da presente resolución (**Expdte. 2024/G013/000001**).

### Anexo I

#### CONSULTA PÚBLICA

#### ANTECEDENTES

Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios: as potestades regulamentaria e de autoorganización.

A súa vez, as entidades locais poden intervir a actividade dos cidadáns, entre outros medios, a través de ordenanzas.

#### PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA.

Concretar a aplicación e trasladar as normas sobre administración electrónica, de carácter básico e de aplicación ao conxunto das Administracións públicas, ás especialidades organizativas e de funcionamento desta administración municipal.

#### NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN



# CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680  
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221  
[WWW.ORDES.GAL](http://WWW.ORDES.GAL)

exp. 2024/G003/000239

## RESOLUCIÓN

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas (LPACAP) e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), así como o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, consolidan un novo modelo de xestión pública que se apoia fundamentalmente na simplificación administrativa e na xeneralización do soporte electrónico.

Estes cambios normativos constitúen unha oportunidade para o Concello de Ordes, non só para conseguir que os medios electrónicos pasen a ser a canle habitual para relacionarse coa cidadanía, senón tamén para aproveitalos e lograr un modelo máis proactivo e eficiente, no que a Administración se adiante ás necesidades da cidadanía e das empresas.

### OBJECTO DA NORMA

Esta Ordenanza ten por obxecto regular as condicións e os efectos xurídicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre as Administracións Públicas, así como nas relacións da cidadanía con esta entidade local, coa finalidade de garantir os seus dereitos e, en especial, a regulación das condicións e os efectos xurídicos do uso dos medios electrónicos na tramitación dos procedementos administrativos, todo elo co obxectivo de facer posible a consecución máis eficaz dos principios de transparencia administrativa, proximidade e servizo á cidadanía.

### POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Non hai alternativa regulatoria, nin non regulatoria, debido a que esta ordenanza establece un marco xurídico que garante o cumprimento dos obxectivos, fins e obrigas contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP), do réxime xurídico do sector público, así como no Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo.

En Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O Secretario

Juan Luis González Iglesias